


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

30 de setembro-1 de outubro do 2023

### XXVI ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDE DE BENVIDA

🎵 *Que ledos hoxe estamos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

As lecturas da liturxia de hoxe queren levarnos a vivir o noso compromiso cristián en dous aspectos:

- O primeiro é ser coherentes coa nosa fe, participando na tarefa de proclamar o evanxeo coa nosa vida, tendo os mesmos sentimentos de Cristo. É hora de falar menos e facer máis.

- O segundo é aprender a recoñecer os nosos erros, como fixo o fillo primeiro da parábola que hoxe nos conta Xesús no evanxeo, e ter valor para recapacitar e comezar a actuar.

Celebremos hoxe a nosa fe recapacitando sobre a nosa vida e tratando de ser coherentes cos compromisos adquiridos con Xesús, cos demais e coa natureza.

Para facelo ben todas as mans valen a pena. A nosa fe hoxe segue a ser compartida cos pobos de Libia e Marrocos.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *A vida dinos que vale a pena compartir con todas as persoas de ben, persoas que son coherentes, dispostas a recapacitar, pedir perdón, e comezar a actuar. Agora, da man de Xesús, pedimos perdón e comprometémonos a vivir así:*

### Monitor/a

➤ **Comprometédesvos a vivir sendo coherentes nas palabras e nos feitos que fan evanxeo?**

**SÍ, COMPROMETÉMONOS**

➤ **Comprometédesvos a vivir colaborando con todos os que se esforzan por un mundo mellor e máis humano?**

**SÍ, COMPROMETÉMONOS**

➤ **Comprometédesvos a responderlle a Deus na palabra e sobre todo no facer de cada día como persoas, como familia, como parroquia?**

**SÍ, COMPROMETÉMONOS**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos nos axude a cumprir estes compromisos e nos leve á vida eterna. Amén*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos e agradecemos a todas as persoas que son coherentes no vivir de cada día.*

*(silenzo)*

### Celebrante:

Deus, Noso Pai, ti manifestas a túa grandeza na misericordia e no perdón.

Sigue enchéndonos sempre coa túa graza, para que camiñemos con entusiasmo cara os bens que nos prometes e cheguemos a participar deles na gloria.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *San Paulo fala de unidade e de amor aos cristiáns de Filipos, pero tamén lles pon unha meta: ter os mesmos sentimentos de Xesús e “que cada quen pense humildemente que os outros son máis ca el”. Na nosa comunidade de Os Cotos tamén podería ser unha meta a conseguir. Non vos parece?.*

*Para que sexa realidade teremos que ser coherentes.*

## LECTURA DA CARTA AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Así que, se vale de algo o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor mutuo, se hai comunión no Espírito e se hai sentimentos en vós de agarimo e misericordia, facede completa a miña alegría, levádvos ben, tendo un mesmo amor, unha soa alma, unha mesma idea. Non fagades nada á retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca el. Non mirar cada un polo que lle ten conta a el, senón tamén polo que llela ten ós outros.

Tede entre vós a mesma actitude de Cristo Xesús.

### Palabra do Señor

♪ nº 41 *Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 258 Mt 21, 28-32 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolle Xesús aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:

- Que vos parece?

Un home tiña dous fillos. Foi onda o primeiro, e díxolle:

- "Meu fillo, vai traballar hoxe na viña".

El respondeu:

- "Non quero"; pero despois, arrependido, foi.

Foise onda o outro e díxolle o mesmo.

El respondeu:

- "Vou, señor"; pero non foi.

Entón Xesús preguntoulle aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:

- Quen dos dous fixo a vontade do pai?

Respondéronlle:

- O primeiro.

Entón díxolles Xesús:

- Asegúrovos que veu Xoán para vos ensinar o camiño da xustiza, e non lle fixestes caso; nin vos arrepentistes nin crestes.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



## Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio

Xesús nesta parábola de hoxe ensínanos que:

- \* As palabras son necesarias, pero os feitos son imprescindibles para ser cribes como comunidade que quere facer realidade o soño de Xesús.
- \* As palabras son necesarias, pero os feitos son imprescindibles para que as xentes das pequenas aldeas non nos sintamos abandonadas e esquecidas.
- \* As palabras son necesarias, pero os feitos son imprescindibles para que os refuxiados sexan tratados con dignidade.
- \* As palabras son necesarias, pero os feitos son imprescindibles para en cada fogar se eduque na igualdade que se merecen todas as mulleres.
- \* As palabras son necesarias, pero os feitos son imprescindibles para un mellor coidado da natureza se queremos que chegue chea de vida ás vindeiras xeneracións.
- \* As palabras son necesarias, pero os feitos son imprescindibles porque non vale de nada dicir si se despois os feitos din non.

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste encontro parroquial dicímoslle a Deus que pode contar con nós. Dámoslle resposta coherente da nosa fe no credo que agora compartimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Monitor/a:*

Crede en Deus Pai, que nos creou á súa imaxe enchéndonos de amor, e que pon nas nosas mans o coidado do mundo mellorándoo cada día?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, que nos convida a ser palabras e feitos que valan sempre a pena para os demais?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito de Deus que alenta a colaborar construindo unha sociedade na que todos somos necesarios e na que se conta con todos?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos traballos, das nosas loitas polos máis desfavorecidos, para sermos Igrexa de verdade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola fe, hoxe queremos rezar cos homes e mulleres que son coherentes á hora de dar unha man. Seguimos rezando tamén cos pobos de Libia e Marrocos. Facémolo dicindo:*

**Señor, axúdanos a dar unha man**

**Monitor/a:**

✓ Para que, en cada un de nós, Deus atope un colaborador fiel e constante no traballo por mellorar a comunidade e o mundo, oremos

✓ Para que na igrexa falemos de solidariedade e a practiquemos máis, falemos de dereitos humanos e os practiquemos máis, oremos

✓ Para que as persoas que traballan en organizacións polo ben de todos non perdan ánimos e atopen un sentido fondo ao seu esforzo de amor e servizo, oremos

✓ Para que as persoas que teñen a responsabilidade de gobernar, non pechen os ollos ante a traxedia na que viven os refuxiados, oremos

✓ Para que a paz non se quede nunha palabra e teña detrás a coherencia da fraternidade, oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de facer vivo o evanxeo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Entremos no corazón do Deus que é Pai. Rezando coa oración de Xesús digámoslle, convencidos, que pode contar coas nosas mans para facer crible traballando polo REINO. Así rezamos dicindo:*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ofrecer a nosa axuda para perdoar, acoller e ser acollidos. Con corazón de irmáns que se aman, e na coherencia con Xesús démonos a paz porque aquí só podemos estar se estamos dispostos a dar a nosa man en paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *Compartimos arredor desta mesa porque queremos estar á beira de Xesús; compartimos porque queremos comprometer a vida en construír un mundo que sexa todo el esforzo por dar vida ás persoas.*

*El conta cos nosos feitos, El está á nosa beira, e por iso, ditosos nós convidados a este pan do Señor. Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **nº 58** *Acharte presente na vida*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia, podemos compartir a nosa fe.

Sostenenos sempre coa túa axuda bondadosa, para que na terra sexamos semellantes a Xesús e poidamos participar da súa gloria no ceo.

Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

*Que a celebración que agora rematamos nos dea azos para vivir na coherencia de procurar dignidade e xustiza en toda a nosa vida.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Podémonos ir en paz*

Asumir o compromiso cristián é asumilo nos feitos, non coas palabras. É estar dispostos a demostrar co exemplo o camiño de ser CRENTES E CRIBLES.



**“Cal dos dous fillos cumpriu a vontade do Pai?”**

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.*